

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 29 DE DECEMBRO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00054399P.

|Ratificación da urxencia da convocatoria. |

|Ratifícase a urxencia da convocatoria. |

2. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00046026B.

|Aprobación definitiva do Proxecto de equidistribución do polígono de solo urbano non consolidado núm. 40. A Rocha |

|Apróbase definitivamente o Proxecto de equidistribución do polígono de solo urbano consolidado núm. 40 (P-40 A Rocha), formulado por PROMOCIONES ROX 98 S.L. |

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00054058N.

|Licenza de obras de reposición de gárgola-disparadeiro na fachada do edificio claustral que dá fronte á do Obradoiro da Catedral de Santiago de Compostela |

|Acórdase conceder unha licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a memoria valorada redactada polo arquitecto Paulino Sánchez Chao presentada na data 13/11/2023, cun orzamento de execución material de 1.840,76 €, obras de reposición de gárgola-disparadeiro na fachada do edificio claustral que dá fronte á do Obradoiro da Catedral de Santiago de Compostela (A Coruña) |

4. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2023/00042605J.

|Licenza de obras de ampliación, reforma e reconstrución de Muiño e edificacións auxiliares para uso hoteleiro na RÚA CASAL DA HORTA, 26 |

|Acórdase conceder licenza de obras de reforma e reconstrución de Muiño e edificacións auxiliares e ampliación para uso hoteleiro na RÚA CASAL DA HORTA, 26, con referencia catastral 00200200NH34H0001YH, segundo Proxecto básico con data de rexistro de 14/10/2023 e Proxecto de execución con data de visado colexial de data 14/11/2023, redactado pola arquitecta Ana M. Vereá Lourés cun orzamento de execución material de 344.100 €, baixo a dirección de obra da proxectista e dirección de execución de obra e coordinación de seguridade e saúde do arquitecto técnico Javier Martínez Porteiro. |

5. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2021/00034414H.

|Aprobación provisional das concesións de subvencións complementarias ás convocadas ao abeiro dos plans estatais de vivenda nas áreas de rehabilitación rexeneración e renovación urbana (ARRUs) delimitadas no Concello de Santiago de Compostela. |

|Acórdase:

Primeiro. Aprobar provisionalmente a subvención con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800100/2023 e aos proxectos de gasto 2021 2 ACCES 49 concedendo a subvención solicitada e comprometendo o gasto (fase D) en favor de tres persoas beneficiarias por importe de 23.024,14 €

Segundo. Non conceder, por desistencia de dúas persoas interesadas a axuda pública solicitada debido a que non emendaron tal e como se lles requiriu as deficiencias detectadas nas súas solicitudes de subvención, de conformidade co artigo

68.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceiro. Desestimar a axuda pública solicitada por dúas persoas interesadas por incumprimento dos requisitos prescritos na convocatoria obxecto de expediente. |

6. PATRIMONIO. Referencia: 2023/00050113T.

|Autorización da transmisión da parcela BB7 do SUNP-12 |

|Acórdase autorizar a transmisión da parcela de protección denominada BB-7 do SUNP-12(VPA-RC) a COMPOSTELA 2.022, Sociedade Cooperativa Galega, por un prezo non superior ao prezo establecido no prego (565.000 Euros, máis IVA) consonte ao establecido na Cláusula 12.k do mesmo, debendo subrogarse o comprador na posición xurídica do adxudicatario, con suxeición ás limitacións e condicións establecidas no alleamento da parcela municipal que deberán reproducirse na escritura de venda. |

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00053654E.

|Aprobación do expediente de contratación *Servizo de Axuda no Fogar (SAF)*, cun orzamento base de licitación de 12.722.468,72 € |

Acórdase:

|**Primeiro:** aprobar o expediente denominado *Servizo de Axuda no Fogar (SAF)*, cun orzamento base de licitación de 12.722.468,72 € (base impositiva de 12.233.143,00 € máis IVE do 21% de 489.325,72 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: autorizar, ao abeiro do artigo 174.5 do TRLRFL, o incremento dos límites do artigo 174.3 do TRLRFL de aí que o gasto para este contrato que se imputa á aplicación 020 23100 2270300 conte coa seguinte desagregación por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	3.729.600,53 €
2025	6.361.234,36 €
2026	2.631.633,83 €
TOTAL	12.722.468,72 €

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00014938S.

Validación das actuacións realizadas respecto da ampliación en 15 días hábiles do prazo de execución das Obras de execución do proxecto de "Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña, solicitada pola empresa adxudicataria ALCOMTE GALICIA, S.L."

|Acórdase validar consonte o establecido no artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as actuacións realizadas respecto da ampliación en 15 días hábiles do prazo de execución do contrato das Obras de execución do proxecto de "Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña, solicitada pola empresa adxudicataria ALCOMTE GALICIA, S.L.". |

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00012192Y.

Validación de actuacións respecto da formalización do contrato da *Dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado público exterior do Concello de Santiago de Compostela* |

Acórdase validar, ao abeiro do establecido no artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e no artigo 52 da Lei 39/2015, de 1 outubro, as actuacións realizadas respecto da formalización do contrato da *Dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado público exterior do Concello de Santiago de Compostela*. |

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00043893V.

Prórroga do contrato *Servizo de xerencia do Plan de Desenvolvemento Turístico Sostible de Santiago de Compostela*. |

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de *Servizo de xerencia do plan desenvolvemento turístico sostible de Santiago de Compostela* asinado coa empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN SA, polo prazo de 16 meses, que se contará desde o día 01/01/2024 e que rematará o día 30/04/2025. O importe da prórroga ascende a 109.710,52 €. O gasto impútase á aplicación 070 43200 6400000 (Código de proxecto: 2020-2 PSTUR 61 1). |

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00036021F.

Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución das obras de rehabilitación do colector de saneamento da Av. de Vilagarcía”. |

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución das obras de rehabilitación do colector de saneamento da avda. de Vilagarcía”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto. |

13. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2023/00054343K.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (3) emitidas pola empresa Sistemas de Seguridad A1 en concepto de servizos de mantemento do sistema de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais correspondentes ao período que abrangue entre abril e novembro do ano 2023 |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEISCENTOS TRECE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMO (613,71 €), segundo relación contable de facturas S/2023/364 que se achega na factura, e que comeza pola factura número F/2023/4134 por importe de 452,12 euros, e remata pola factura número F/2023/5765 por importe de 109,69, todas elas emitidas pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

14. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2023/00054332X.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (9) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre xuño e novembro de 2023. |

Acórdase: |

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de ONCE MIL NOVECIENTOS TRINTA E OITO EUROS (11.938,00 €), segundo relación contable de facturas S/2023/379 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/5206 por un importe de 910 euros emitida pola empresa Ulla Oil, SL. e remata pola factura número F/2023/5599 por un importe de 1.808,00 euros emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

15. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2023/00054328Y. |

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura (4) emitidas por “Neumáticos Pájaro, SL.” en concepto de subministración de pneumáticos para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao período que abrangue entre agosto e outubro do ano 2023.

Acórdase: |

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (272,44 €), segundo relación contable de facturas S/2023/347 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/4688 por importe de 21,78 euros e remata pola número F/2023/5628 por importe de 39,93 euros, todas elas expedidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

16. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2023/00054485W.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (8) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre febreiro e novembro de 2023. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DEZ MIL TRINTA E UN EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (10.031,96 €), segundo relación contable de facturas S/2023/400 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/5776 por un importe de 209,02 euros emitida pola empresa Comercializadora Regulada, Gas&Power, S.A. e remata

pola factura número F/2023/5913 por un importe de 455,76 euros emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

17. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2023/00054478H.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura (1) emitida pola empresa “Aytos soluciones informáticas, S.L.U.”, por importe de 85.842,55 euros en concepto de subministración e implantación dunha solución de xestión de facturas. |

Acórdase:|

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITENTA E CINCO MIL OITOCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMO (85.842,55 €), segundo factura con número contable F/2023/5203 que se achega no expediente, emitida pola empresa “Aytos soluciones informáticas, S.L.U.” |

18. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2023/00054488M.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura (1) emitida por “Recambios Santiagueses, S.L.” en concepto de subministración de material de recambios de pezas para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao mes de novembro de 2023. |

Acórdase:|

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de MIL UN EURO CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (1.001,28 €), segundo factura con número contable F/2023/6554 que se achega no expediente, emitida pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L., en concepto de subministración de material de recambios para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de novembro do ano 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

19. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: 2023/00054369R.

Relación S/2023/398 con tres (3) facturas emitidas por UTE de Telefónica España SAU Telefónica Móviles España SAU (CIF núm. U87609103) polos servizos de telecomunicacións bloque 1: voz/datos cloud + liñas correspondentes ao período entre outubro e novembro de 2023. |

Acórdase:|

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL DOUSCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (13.268,74 €) segundo relación contable de facturas S/2023/398 que se achega no expediente, e que comeza pola factura núm. F/2023/6204 por

importe de 241,26 euros e remata pola factura núm. F/20223/6363 por importe de 11.718,91 euros, todas elas emitidas por UTE de Telefónica España SAU Telefónica Móviles España SAU polos servizos de telecomunicacións Bloque 1: cloud+voz/datos+liñas correspondente ao período entre outubro e novembro de 2023.
Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

20. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: 2023/00054316V.

Factura F/2023/5324 emitida pola empresa GREEN TAL SA con CIF a62313788 en concepto de servizo “línea verde” de xestión de incidencias no equipamento urbano correspondente ao período entre xullo e setembro de 2023

Acórdase:

Primero.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de MIL TRESCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.397,55 €) en concepto de servizo “línea verde” de Xestión de incidencias no equipamento urbano correspondente ao período entre xullo e setembro de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

21. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00049274N.

Aprobación das achegas do transporte metropolitano correspondentes á liquidación do ano 2022 e a estimación do ano 2023.

Acórdase:

PRIMEIRO: validar a omisión da función interventora en relación co requirimento efectuado pola Dirección Xeral de Mobilidade, o 15 de novembro de 2024, no que se concretan as achegas que ten que aportar o concello para o transporte metropolitano correspondente á liquidación do ano 2022 e a estimación para o ano 2023, ó abeiro do establecido nas estipulacións terceira punto B) e oitava final do Convenio de Colaboración asinado para a posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia asinado o 9 de decembro de 2020.

SEGUNDO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos derivados da liquidación do transporte metropolitano correspondente ao ano 2022 e a estimación do programa tarifario do ano 2023, abonando á Comunidade Autónoma a cantidade de cinco mil douscentos setenta e tres euros, con seis céntimos (5.273,06.-) por ámbolos dous conceptos, con cargo á aplicación 060 44110 4500000.

TERCEIRO.- Acordar a remisión á Dirección Xeral de Infraestruturas e Mobilidade da copia do xustificante da correspondente transferencia de ingresos, para a súa xustificación perante a Consellería de Facenda

22. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: 2023/00054466Y.

Relación contable S/2023/401 con once (11) facturas emitidas por varias empresas en concepto de servizos de mantemento de copiadoras en diversos departamentos municipais correspondentes ao período entre setembro e novembro de 2023

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL MOITOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (1.889,71 €) que comeza pola número F/2023/6156 por importe de 103,27 euros emitida por SOLITIUM SL e remata pola número F/2023/6606 por importe de 113,05 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU en concepto de servizo de mantemento de copiadoras en diversos departamentos municipais correspondentes ao período entre setembro e novembro do ano 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

23. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2023/00043495Y.

Aprobación cadro de prezos de acometidas de abastecemento e saneamento para o ano 2024 a executar pola empresa VIAQUA, S.A.U

Acórdase aprobar o cadro de prezos de acometidas de abastecemento e saneamento para o ano 2024 a executar pola empresa VIAQUA, Gestión Integral de Aguas de Galicia. S.A.U.

24. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00052731L.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por Escuela de Tiempo Libre Don Bosco. Outubro 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe total de once mil tres euros con corenta e oito céntimos (11.003,48 euros), en concepto de “Servizo para a execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na ludoteca das Fontiñas, no espazo educativo e de lecer María Miramontes” (CON/22/2019 - 2021/00037161M -CON2021000070), correspondente ao mes de outubro do 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

25. EMPREGO. Referencia: 2023/00031407Q.

Xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e COGAMI

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación da subvención concedida á Entidade COGAMI, para o desenvolvemento dun proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2023, por importe de 15.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 24100 4890001.


Segundo. Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da Entidade COGAMI, por importe de 15.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 24100 4890001.

26. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: Validación omisión función interventora axudas de custo.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda de axudas de custo do persoal municipal ano 2023

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora de expedientes de axudas de custo do persoal municipal.



CONCELLO DE SANTIAGO

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL DOUS CENTOS SESENTA E OITO EUROS CON OVENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.268,92 €). |

27. DEPORTES. Referencia: 2023/00038926Z.

Xustificación de 32 das 52 subvencións concedidas ao abeiro da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado. Ano 2023. |

| Acórdase

Primeiro: aprobar os expedientes de xustificación presentados por 32 entidades así como a contía definitiva a subvencionar segundo cada caso, por un valor total de **181.990,56 €**.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor das devanditas entidades por un importe total de 181.990,56 €.

Terceiro: Liberar o saldo que corresponda nos casos sinalados cun asterisco na táboa anterior, por un importe total de 14.308,05 €. |

28. DEPORTES. Referencia: 2023/00052248L.

Corrección de erros do acordo de Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro de 2023 de aprobación de transferencia ao Consorcio por importe de 86.636,53 euros en execución da addenda ao convenio de colaboración co Concello de Santiago de xestión do Complexo deportivo “Fontes do Sar”. |

| Acórdase rectificar o erro material existente no acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión de data 26 de decembro de 2023, de xeito que:

Onde di:

Segundo. Aprobar o gasto por importe de 86.636,53 € con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4539000 en cumprimento da Addenda ao Convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago e o Concello de Santiago de Compostela de xestión do complexo deportivo “Fontes do Sar”, cláusula quinta, e o seu abono ao Consorcio da Cidade de Santiago.

Debe dicir:

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga por importe de 86.636,53 € con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4539000 en cumprimento da Addenda ao Convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago e o Concello de Santiago de Compostela de xestión do complexo deportivo “Fontes do Sar”, cláusula quinta, e o seu abono ao Consorcio da Cidade de Santiago. |

29. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00037608F.

Aprobación da concesión e xustificación de axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2023 |

| Acórdase concederlle subvención polo importe de 250.000 euros a 16 persoas ou entidade. |